



ANUNCIO

Establecemento das dedicacións da segunda e terceiro tenentes de alcaldesa

O Pleno do Concello de Vimianzo, na sesión do 12 de xullo de 2023, adoptou o seguinte acordo:

“11º. Proposta de acordo sobre o establecemento das dedicacións da segunda e terceiro tenentes de alcaldesa.

(...)

PRIMEIRO.- Que a segunda tenente de alcaldesa, D.^a María José Pose Pérez, se adique de maneira exclusiva ás seguintes tarefas delegadas por Resolución da Alcaldía núm. 999/2023, do 7 de xullo de 2019: áreas de Benestar social, Sanidade, Igualdade e Atención Cidadá.

Percibirá unha retribución anual bruta de 44.000,00 euros, repartida en 14 pagas mensuais de 3.142,86 euros, das que se deducirá a parte correspondente da súa aportación á Seguridade Social e ó IRPF.

O devengo da paga extra será de conformidade co establecido para os funcionarios da Corporación.

SEGUNDO.- Que o terceiro tenente de alcaldesa, D. Miguel Angel Pérez Méndez, se adique de maneira parcial (75 % da xornada ordinaria de traballo) ás seguintes tarefas delegadas por Resolución da Alcaldía núm. 999/2023, do 7 de xullo de 2019: áreas de Obras, Urbanismo, Servizo de Iluminación e Parque Móbil.

Percibirá unha retribución anual bruta de 33.000,00 euros, repartida en 14 pagas mensuais de 2.357,14 euros, das que se deducirá a parte correspondente da súa aportación á Seguridade Social e ó IRPF.

O devengo da paga extra será de conformidade co establecido para os funcionarios da Corporación.

TERCEIRO.- A retribución por adicación exclusiva correspondente á segunda tenente de alcaldesa xurdirá efectos retroactivos dende a data de toma de posesión do cargo (17/06/2023), sen perxuízo da súa aceptación expresa conforme ó artigo 13.4 do ROF.

CUARTO.- Adecuaranse as bases de execución do orzamento vixentes en todo o que afecte a este acordo e quedan derogados tódolos acordos que contradigan ao presente.”

O que asino en Vimianzo, o 3 de agosto de 2023

A alcaldesa
Mónica Rodríguez Ordóñez
(documento asinado dixitalmente)